

O VERBO

1. Definición: clase de palabra variable que expresa accións (*correr, marchar...*) ou estados (*ser, estar...*) e fenómenos (*lostregar...*). Funciona sempre como núcleo de frase verbal en función de predicado e concorda en número e persoa co suxeito.

2. Constituíntes do verbo:

2.1. Tema:

LEXEMA OU RAÍZ (significación léxica do verbo) + VOGAL TEMÁTICA (indica a conjugación á que pertence o verbo: -AR, -ER e -IR; 1ª, 2ª e 3ª respectivamente).

2.2. Desinencias verbais:

MORFEMA DE MODO E TEMPO + MORFEMA DE NÚMERO E PERSOA

fal - a - ra - des

fal-: lexema ou raíz (**R**) ——— **TEMA**

-a-: vogal temática (**VT**) ——— **TEMA**

-ra-: morfema de modo e tempo (**MMT**) ——— **DESINENCIAS VERBAIS**

-des: morfema de número e persoa (**MNP**) ——— **DESINENCIAS VERBAIS**

Fixádevos ben nas siglas que aparecen en negraña porque serán as que usemos á hora de segmentar os verbos nos seus constituíntes.

Aspectos que se deben ter en conta á hora de segmentar nos seus constituíntes unha forma verbal:

- **Vogal temática (VT):** non sempre aparece.
- **Morfemas de modo e tempo (MMT):** na táboa que aparece a continuación recóllense os morfemas de modo e tempo que se corresponden con cada tempo verbal. É importante sabelos para facer correctamente a segmentación morfolóxica das formas verbais.

MODO INDICATIVO	
<u>presente</u> canto, cantas, canta, cantamos, cantades cantan	∅
<u>copretérito</u> (pretérito imperfecto) cantaba, cantabas, cantaba, cantabamos , cantabades , cantaban	-ba- (1ª conx.) -a- (2ª e 3ª conx.)
<u>pretérito</u> cantei, cantaches, cantou, cantamos, cantastes, cantaron	∅
<u>antepretérito</u> (pretérito pluscuamperfecto) cantara, cantaras, cantara, cantaramos , cantarades , cantarán	-ra-
<u>futuro</u> cantarei, cantarás, cantará, cantaremos, cantaredes, cantarán	-re- (P1, P4, P5) -rá- (P2, P3, P6)
<u>pospretérito</u> (condicional) cantaría, cantarías, cantarí, cantariamos , cantariades , cantarían	-ría-
MODO SUBXUNTIVO	
<u>presente</u> cante, cantes, cante, cantemos, cantedes, canten	-e- (1ª conx.) -a- (2ª e 3ª conx.)
<u>pretérito</u> cantase, cantases, cantase, cantásemos, cantásedes, cantasen	-se-
<u>futuro</u> cantar, cantares, cantar, cantarmos, cantardes, cantaren	-r- (P1, P3, P4, P5) -re- (P2, P6)
MODO IMPERATIVO	
<u>presente</u> canta, cante, cantade, canten	∅

- **Morfemas de número e persoa:** o que queda despois do MMT é o MNP, non sempre aparece.

3. Modo verbal:

- Modo indicativo: indica obxectividade, realidade (“Mario aprobou o exame”).
- Modo subxuntivo: indica desexo, dúbida ou posibilidade (“*Oxalá aprobe o exame*”; “*Quizais aprobe o exame*”).
- Modo imperativo: expresa mandato (“*Aproba o exame!*”).

No presente de imperativo só temos a 2ª persoa de singular e de plural: *anda ti; ande vostede; andade vós; anden vostedes*.

4. Formas non persoais dos verbos:

- Infinitivo: identifícase coa maneira que temos de enunciar os verbos (*cantar*).
- Xerundio: fórmase coa terminación *-ndo* (*cantando*).
- Participio: fórmase coa terminación *-do / -da* (*cantado / cantada*).

5. Tipos de verbo a nivel morfolóxico:

- Verbos regulares: a raíz non varía en ningún tempo (*cantar, coller, partir*).

Paradigmas da páxina 7.

- Verbos con alternancia vocálica: varía a vogal da raíz dalgunhas persoas do presente de indicativo.

Hai dous modelos:

Alternancia i / e

(*sentir, seguir* e derivados, *mentir, servir*...)

Eu **sinto**

Ti **sentes**

El ou ela **sente**

Nós **sentimos**

Vós **sentides**

Eles ou elas **senten**

Alternancia u / o

(*durmir, subir, sufrir, cubrir, fuxir*...)

Eu **durmo**

Ti **dormes**

El ou ela **dorme**

Nós **durmimos**

Vós **durmides**

Eles ou elas **dormen**

- Verbos irregulares: a maioría de verbos deste tipo posúen unha raíz específica para o presente e outra para o pretérito, para identificar se un verbo é regular ou irregular conxugámolo en presente e pretérito de indicativo, se a raíz varía, o verbo é irregular.

Estar

Dicir

Presente: *est* - *ou*

dig - *o*

Pretérito: *estiv* - *en*

dix - *en*

Paradigmas dos verbos *ser*, *estar*, *dar*, *dicir*, *facer*, *ir*, *poder*, *saber*, *ter* e *traer* (páxinas 10, 11, 12, 13 e 15).

Non tendes que saber o futuro de subx. nin o inf. conxugado dos verbos regulares e irregulares.

